

## O sector sanitario denuncia que o persoal das novas Urgencias é insuficiente

**Médicos e enfermeiras aseguran que as instalacións están cheas de carencias e que non se tiveron en conta as súas demandas - Na sala de sillóns haberá un baño para medio centenar de doentes e será mixto**

**Gemma Malvido** | A Coruña | 06.04.2014 | 02:01

O Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (Chuac) prevé abrir as portas das novas Urgencias neste mes. Logo de catro anos os profesionais da sanidade perderon as esperanzas de acabar co colapso da sección na que traballan porque cren que, ao non haber máis persoal, non van poder atender a todos os doentes que cheguen da maneira rápida, cómoda e eficiente que lles gustaría. A presidenta da xunta de persoal do CHUAC, María Seijo; o portavoz da plataforma Sanidade Pública, Ramón Veras; e a enfermeira de Urgencias Gloria González falan das novas instalacións nun debate ao que non quixo asistir ningún representante do hospital.



Gloria González explica o seu posicionamento durante o debate. / Víctor Echave

[Fotos de la noticia](#)

**María Seijo:** As novas Urgencias solo son un novo espazo. Eran un tapón e agora son un tapón máis amplo no que os doentes poden pasar máis tempo.

**Ramón Veras:** Os recortes de (o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, retrasaron a obra catro anos. Hai que darlle a benvinda ao edificio porque pode facer a espera máis digna, pero non vai resolver a saturación do servizo porque non hai novas medidas para melloralo.

**G. González:** Les vamos a llamar clínicas embudo, porque no vamos a tener personal para atenderlas a todas y la gente se quedará estancada allí. Una enfermera tiene que atender cuatro clínicas simultáneamente acompañada de su auxiliar, que, a su vez, tiene que atender ocho clínicas al mismo tiempo. ¿Quién se encarga del resto? porque no somos más. Hay poquísimo personal para semejante cantidad de clínicas y observaciones. Es inviable.

**R. Veras:** As Urgencias vellas eran coma un hospital de campaña. O persoal tiña case que saltar entre camillas para chegar aos doentes. Esa imaxe de indignidade que representaban as Urgencias é posible que estea resolto, aínda que hai que ver como funciona na práctica. O feito de aumentar o espazo e de aumentar as cadeiras e as camas co mesmo persoal pode supoñer un problema de seguridade.

**G. González:** El problema no es que no aumentemos las camas. El problema es que, aunque haya muchas clínicas están llenas de deficiencias. No hay baños; solo hay un esterilizador de cuñas y está lejos de las salas, no hay un dispensador de medicamentos, aunque parece que van a tirar un lavamanos para ponerlo. Si necesito una pastilla que no tengo en el carro, tengo que dejar las clínicas e ir a coger ese medicamento porque no puede ir la auxiliar. Las camas siguen igual, pegaditas unas a las otras, separadas por unas cortinas, sin privacidad, algunas camas tienen una mesita a los pies, así que, el paciente que tenga dificultades para moverse tendrá muy complicado llegar hasta ella. Hay columnas entre las camas así que, para llegar a la última cama hay que sacar las dos primeras. A los enfermos de los extremos no los vemos. Dicen que va a haber cámaras, pero yo o estoy pinchando una vía o estoy cuidando a los enfermos... Mirar para cámaras no es mi trabajo. Creemos que no hay sala de enemas, con la que sí contábamos hasta ahora. Más grave es lo de los sillones, que están pegaditos. Si te toca al lado de alguien que tiene tuberculosis o algo de contacto y todavía no se lo han diagnosticado te puede contagiar. Hay poca visibilidad de los sillones de los extremos y hay un baño para cincuenta enfermos con una sola ducha y es mixto.

**M. Seijo:** Agora o que se vai solucionar é o das Urgencias colapsadas pola observación. Imos ter o mesmo número de camas en observación, aínda que si que vai aumentar o número final de doentes

Sigue las noticias de A Coruña en:



Entrenamiento en Zona Fit

[ver otras galerías >>](#)



**La Opinión**  
 A Coruña en ORBYT

G. González: Puedes aumentar las clínicas siempre y cuando aumentes el personal proporcionalmente. En observación necesitamos camas, las hay, pero son las mismas. Además, tenemos otros problemas. Al final, vamos a tener un embudo en las clínicas y otro en observación.

R. Veras: A saturación de Urgencias non depende estritamente do servizo senón da posibilidade de saída deses doentes, de que os que estean listos para ingresar, que o fagan. O que está a facer este Goberno é reducir as camas porque, dese xeito, aforra e, o que conleva isto é que, os doentes no canto de estaren unhas horas en Urgencias, que é o que deberan estar cando xa se decidiu o seu ingreso, van estar un ou máis días. Iso é o que pasaba até o de agora e o que seguirá a pasar, aínda que poñan a T-4 no hospital. A afluencia de Urgencias non depende, como di o presidente dos colexios médicos, dos pecados dos doentes que van de xeito inadecuado. Depende de colocar recursos insuficientes. A xente non vai a Urgencias por deporte. Se continúan cos recortes e sen potenciaren a Atención Primaria, as Urgencias van seguir saturándose.

G. González: Yo también quería destacar que no hay salas para explorar a los enfermos y que las mesas que les van a poner a los pacientes que están en los sillones son fatales (en los sillones están los pacientes que están a la espera de algo, de un diagnóstico, de resultados, de un especialista... o recibiendo un tratamiento). Son tablas que tendrán que atornillar las auxiliares. Esa tabla no se sabe, si quiera, dónde se va a guardar. La gente obesa va a estar incomodísima. Nosotras pensábamos que íbamos a tener un carro de medicamentos por clínica, con instrumental de trabajo, pero solo hay un carro para no sé cuántas clínicas y o pesa muchísimo o nos meterán dos o tres unidades de cada material y, cuando se nos agote, tendremos que ir a la otra punta de Urgencias para reponer ese carrito. En las clínicas solo está la camilla, así que no vamos a tener sitio para trabajar. Vamos a tener que utilizar el carrito como soporte para, por ejemplo, canalizar una vía, pero es muy incómodo. Son cosas que parecen una tontería, pero que son muy importantes para nosotros, porque trabajamos, fundamentalmente, con gente mayor que tiene dolor y dificultades. En las clínicas no hay siquiera un sitio para que preparemos un antibiótico. Hay tantas carencias... Los celadores, cada vez que tengan que llevar a un paciente de una clínica a observación, van a tardar el doble y los enfermos, tendrán que esperar más. La señora de la limpieza va a tener una extensión enorme para trabajar pero va a tener que estar de guardia en el baño de sillones porque, como solo hay uno, va a estar sucio siempre, así que, con esa limpiadora ya no contamos.

R. Veras: A este Goberno só lle interesa a propaganda, se lle interesasen os doentes tomaría outras decisións.

G. González: En 2011 nosotras presentamos una carta contando todas estas deficiencias y nadie respondió. Hemos reunido a todas las supervisoras y dicen que no saben cómo se van a resolver los problemas. Le hemos mandado al director de enfermería dos cartas para que nos recibiera y estamos esperando todavía la respuesta.

R. Veras: Levan catro anos retrasando a obra e agora que xa está ten deficiencias.

M. Seijo: Na xunta de persoal estamos moi preocupados porque a plantilla é insuficiente para atender o número de doentes que vai ter que coidar. Isto traerá sobrecarga de traballo, aumento do estrés e preocupación porque non se ten en conta a quen está a intentar que o trasvase non se faga coa improvisación coa que se fixo todo o demais e iso que lles sae gratis.

G. González: Dicen que van a abrir a finales de abril pero no sé cómo porque no sabemos nada. Deberíamos hacer un simulacro para ver cómo podemos mejorar.

M. Seijo: Todas estas estructuras fainas alguén desde o seu sillón da oficina sen ter en conta a opinión dos profesionais. O mobiliario é de peor calidade e dá un servizo peor, pero é máis barato... En Urgencias conflúen a Atención Primaria e a especializada. En Primaria, nos últimos anos, houbo moitos avances e tamén unha gran evolución na atención hospitalaria, pero eses pasos non foron equilibrados. A Primaria está estancada desde que comezaron os recortes e iso instaurou un cambio no comportamento dos doentes, que tenden a ir onde hai máis recursos, porque se pides cita igual cha dan para dentro de catro días. Estes recortes en Primaria non van contribuír a que a xente non vaia a Urgencias pero tampouco buscan unha solución para os doentes no hospital, porque están pechando camas. O que queren é facer de Urgencias unha unidade de semihospitalización de corta estancia porque é máis barato.

G. González: Nos venden una atención rápida pero seguimos igual. El pasillo cero que buscan lo van a tener de cara a la galería, porque tendrán a los enfermos en salas esperando cuatro horas. Teníamos mucha ilusión con este edificio pero se esfumaron al verlo porque solo nos va a dar más carga mental y de trabajo.

R. Veras: Eu como médico avergógome da proposta de penalizar os doentes que usen mal o servizo. É mesquiña e está en sintonía coa visión da dereita de culpabilizar os doentes. En Galicia xa hai un decreto que permite cobrarlle os enfermos por non asistiren ás citas. O uso non axeitado das Urgencias está estancado desde hai anos. A xente vai a Urgencias porque hai poucos recursos nos Puntos de Atención Continuada. Se houbese un servizo de Atención Primaria que permitise a médicos e enfermeiras atender nos seus fogares a doentes de moita complexidade, non irían a Urgencias, pero a Primaria tamén está saturada por falta de recursos. Non se cubren as xubilacións, non se crean prazas e non se contrata a xente para cubrir as baixas.

G. González: Cada enfermera, antes, se encargaba de dos enfermos críticos ahora vamos a atender a tres pero con el agravante de que ahora yo no veo a mis compañeras para pedirles ayuda si llega un gran quemado o un enfermo al que haya que intubar, por ejemplo. Yo no sé cómo vamos a hacer, a no ser que nos digan que sólo van a abrir la mitad de las Urgencias, que son capaces de hacerlo. Mi lema es: "Señor paciente, le van a vender las Urgencias como las preferentes". Vamos a tener mejoras: más



## Barrios caminantes, barrios motorizados

### Y ADEMÁS

Colectivos culturales y ecologistas se unen en defensa del patrimonio de As Mariñas

La reforma local de la Xunta costará 108 millones más en sanidad y educación

El domingo - Jóvenes de Galicia en el voluntariado europeo

**ACCESO**  
día 0.89€

**ACCESO**  
mes 23.99€

**CONOCE**  
**ORBYT**



**Blog: La ciudad que viví**

Toda una vida con el folclore gallego

Por Antonio Fernández Riveiro

A...[Leer más](#)

Su portal de esquilas aun solo click

Publicidad



**Ford Focus por 12.990 €\***

Con motor EcoBoost, motor internacional del año.

[www.ford.es](http://www.ford.es)



**Ahorra con Danone**

¿Quieres ahorrar en tu compra? Danone te ayuda

[www.alimentasonrisas.es](http://www.alimentasonrisas.es)



**Fondos de inversión**

Disfruta ahora de un 5% en Inversis Banco

[www.inversis.com](http://www.inversis.com)



M. Seijo: A garantía que hai agora de manter a calidade da asistencia sanitaria depende única e exclusivamente dos profesionais, porque pola xestión política e dos xerentes isto sería tremendo.

Publicidad



**Doctores están asombrados**

Mamá local desvela el secreto para perder peso super rápido desde 39€...

[www.NoticiasDeSalud.co/](http://www.NoticiasDeSalud.co/)



**Tu ayuda = Su esperanza**

Hacerte socio = 20€ = agua potable para 20 días

[www.eacnur.org](http://www.eacnur.org)



**SOLTERO y sin compromiso?**

Diviértete en la búsqueda de tu PAREJA IDEAL. Regístrate en eDarling, es muy fácil

[www.eDarling.es](http://www.eDarling.es)



**Comentarios**

Para comentar debes [iniciar sesión](#) o [registrarte](#) si aún no tienes una cuenta.

Los comentarios están sujetos a moderación previa y deben cumplir las [Normas de Participación](#)

Empty text box for comments.

Comentar

Enlaces recomendados: Oscars | Premios Goya

**La Opinión**  
A Coruña

[Mapa web](#)

**Coruña**

- El tiempo
- Galicia
- Ocio en A Coruña
- Tráfico en A Coruña
- Cartelera de cine
- Deportivo

**Clasificados**

- Iberpisos
- Iberanuncio
- Ibercoches
- Iberempleo

**Especiales**

- Lotería de Navidad
- Lotería el Niño
- Fórmula 1
- Premios Oscar
- Canal Esquí
- Premios Goya

**laopinioncoruna.es**

- Contacto
- Localización
- Aviso legal
- Política de cookies
- RSS

**Publicidad**

- Tarifas Web
- Tarifas Papel

**Otras webs del Grupo Editorial Prensa Ibérica**

Diari de Girona | Diario de Ibiza | Diario de Mallorca | Empordà | Faro de Vigo | Información | La Opinión A Coruña | La Opinión de Málaga | La Opinión de Murcia | La Opinión de Tenerife | La Opinión de Zamora | La Provincia | La Nueva España | Levante-EMV | Mallorca Zeitung | Regió 7 | Superdeporte | The Adelaide Review | 97.7 La Radio | Euroresidentes | Lotería de Navidad | Oscars | Premios Goya

La Opinión Coruña